



DÍA MUNDIAL
DOS HUMEDAIIS
2 DE FEBREIRO



2014
Año Internacional de la
Agricultura Familiar

-guía de recursos-

HUMEDAIIS E AGRICULTURA: XUNTOS EN PRO DO CRECEMENTO



www.ramsar.org



La elaboración de este póster ha sido posible gracias al Fondo para el Agua de Danone/Evian



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN,
INVESTIGACIÓN Y DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



DOMINGO
QUIROGA
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN

www.ceida.org

HUMEDAIS E AGRICULTURA

Como cada ano, o 2 de febreiro conmemórase o **DÍA MUNDIAL DOS HUMEDAIS**, onde se recorda a data na que se creou a Convención Ramsar (1971), un tratado intergubernamental que serve de marco para as accións en favor da conservación e do uso racional dos humedais mediante accións locais, rexionais e nacionais, como contribución ao logro dun desenvolvemento sostible en todo o mundo.

O tratado, negociado nos anos 60 por países e organizacións non gobernamentais que se preocupaban pola crecente perda e degradación dos humedais, hábitats principais das aves acuáticas migratorias, asinou-se na cidade iraní de Ramsar en 1971 e entrou en vigor en 1975. Trátase do **único tratado global relativo ao medio ambiente que se ocupa dun tipo de ecosistema particular**. Actualmente o listado Ramsar inclúe mais de 1700 humedais de todas as rexións do mundo. Trátase dunha lista de prestixio xa que integra as zonas húmidas mais importantes do mundo dende o punto de vista do seu interese ambiental e para a conservación da biodiversidade.

España ratificou o Convenio en 1982 incluíndo no listado dúas zonas húmidas: Doñana e as Tablas de Daimiel. Actualmente 5 dos humedais mais destacados de Galicia forman parte deste listado:

- Ría de Ortigueira e Ladrado
- Complexo das praias, dunas e lagunas de Corrubedo
- Lagoa e areal de Valdoviño
- Complexo intermareal Umia-Grove, a Lanzada. Punta Carreirón e lagoa Bodeira
- Ría do Eo

O 2014 é o Ano Internacional da Agricultura Familiar, polo que Ramsar elixiu os humedais e a agricultura como tema para celebrar o Día Mundial dos Humedais. Co lema **“Humedais e Agricultura: Xuntos a prol do Crecemento”**, faise fincapé na necesidade de que os sectores dos humedais e a agricultura traballen xuntos para lograr mellores resultados comúns, entendendo que éstos xogan un papel fundamental de apoio á agricultura, con prácticas agrícolas exitosas que sustentan uns humedais sanos.

SOBRE ESTA GUÍA

A **GUÍA DE RECURSOS** é unha recompilación de materiais bibliográficos sobre a temática dos humedais editada polo CEIDA a través do seu **Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga**, dirixida a todas as persoas interesadas en traballar sobre esta temática.

O Centro de Documentación posúe un importante fondo especializado en temática ambiental, tanto de libros, como de revistas, audiovisuais ou literatura gris. Entre estes recursos existe un importante número de documentos relacionados coa conservación dos recursos naturais e dos ecosistemas, a xestión dos recursos hídricos, os humedais, e tamén sobre agricultura.



Todos estes materiais están dispoñibles en préstamo para todas as persoas interesadas de maneira gratuita por un prazo de 15 días. Se algún usuario non pode achegarse ata a sede do CEIDA para recollelos, tamén existe o servizo de préstamo postal.

Máis información: documentacion@ceida.org - 981630618

Consulta o catálogo dos fondos en: <http://documentacion.ceida.org>

MANUAIS E GUÍAS SOBRE HUMEDAIS

EN PRÉSTAMO




ECOLOGÍA, MANEJO Y CONSERVACIÓN DE LOS HUMEDALES

Edita: Instituto de Estudios Almerienses.

Ano: 2003

Descrición: a edición decimoterceira da Aula de Ecoloxía, que tivo lugar no 2001, realizada en forma de xornadas participativas estivo dirixida a todos aqueles interesados no coñecemento, a investigación e a xestión dos humedais. Nelas pretendeuse valorar os compoñentes e mecanismos integradores dos medios palustres, así como os instrumentos existentes para o seu manexo, avaliando a importancia dos mesmos no ámbito da conservación. Neste volume queda reflexada de forma representativa a información aportada nas mesmas.



GESTIÓN Y RESTAURACIÓN DE HUMEDALES


Edita: Fundación Santander Central Hispano.

Ano: 2005

Descrición: manual que aborda un problema de capital importancia para o futuro dos ecosistemas e, polo tanto, do home: a boa xestión das zonas húmidas, así como as accións necesarias para a súa recuperación nos casos de deterioro por efecto de condicións ambientais adversas.

Dispoñible tamén en versión electrónica en:

<http://www.fundacionbancosantander.com/media/docs/SOST.%20MANUAL%201%20baja.pdf>




GUÍA DE LOS LAGOS Y HUMEDALES DE ESPAÑA

Edita: J.M. Reyero

Ano: 1995

Descrición: Libro que pretende achegar a realidade dos humedais ibéricos a un público amplo, mediante un plantexamento divulgativo pero á vez científicamente riguroso. Ofrece un percorrido polos lagos, lagoas, marismas e salinas da España peninsular e as Baleares, agrupados por tipos e grandes unidades xeográficas, ademáis de información complementaria sobre os distintos procesos e compoñentes ecolóxicos dos humedais.



HERRAMIENTAS PARA LA GESTIÓN DEL TURISMO SOSTENIBLE EN HUMEDALES

Edita: Ministerio de Medio Ambiente, Dirección General de Conservación de la Naturaleza .

Ano: 2002

Descrición: esta guía propón directrices e ferramentas técnicas para xestionar os recursos dos humedais de cara á implantación de actividades recreativas e, no seu caso, turísticas, en humedais. Desta forma, constitúe unha parte fundamental dos plans de xestión de uso público e tamén dos plans de ecoturismo, considerados como instrumentos integrais de planificación e xestión.



HUMEDALES ESPAÑOLES PROTEGIDOS POR EL CONVENIO DE RAMSAR

Edita: Amigos de la Tierra.

Ano: 2000

Descrición: documento que recolle unha colección de fichas cos 38 humedais considerados polo Goberno Español e o resto dos países integrantes da Convención Ramsar, como de Importancia Internacional. Nel se fai unha introdución sobre que son este tipo de ecosistemas, sobre a Convención, e tamén inclúe glosario e diferentes mapas.



ORIENTACIONES PARA PLANES DE CECOP (COMUNICACIÓN, EDUCACIÓN, CONCIENCIACIÓN Y PARTICIPACIÓN) EN HUMEDALES ESPAÑOLES

Edita: Ministerio de Medio Ambiente

Ano: 2005

Descrición: Traballo elaborado no marco do 'Seminario Español CECOP de Humedales (Ramsar)' facilitado pola Unidade de Educación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, no que participaron funcionarios de educación ambiental e de xestión de humedais das diferentes Administracións Públicas, membros de ONG, traballadores de empresas do sector, investigadores e expertos en temas pertinentes.

Dispoñible tamén en versión electrónica en:

http://www.magrama.gob.es/es/ceneam/grupos-de-trabajo-y-seminarios/educacion-y-comunicacion-para-la-conservacion-de-la-biodiversidad/humedales_tcm7-13200.pdf




RECOMENDACIONES PARA LA TOMA DE MUESTRAS DE AGUA, BIOTA Y SEDIMENTOS EN HUMEDADES RAMSAR

Edita: Ministerio de Medio Ambiente.

Ano: 2003

Descrición: manual para a toma de mostrás, cadena de custodia e ensaios ecotoxicolóxicos en humedais que constitúe unha contribución práctica de grande utilidade para os responsables de conservar as características ecolóxicas dos humedais en xeral e, en particular, daqueles que foron incluídos polos países membros da Convención na Lista de Humedais de Importancia Comunitaria.




UNDERSTANDING WETLANDS : FEN, BOG AND MARSH

Edita: Taylor & Francis.

Ano: 2003

Descrición: 'Comprender os humedais' explica como se crean de forma natural estos ecosistemas e como se sosteñen; describe como a flora e a fauna destes hábitats están perfectamente adaptados ao seu entorno; e como o ecosistema fai fronte aos contaminantes e a problemas ambientais como o cambio climático, o impacto da actividade humana, a agricultura, ou a construción, entre outros. O libro conclúe cunha ollada á necesidade de conservación dos humedais e explica varias técnicas de conservación.



VISIÓN GENERAL DE LOS SITIOS RAMSAR EN EL MUNDO


Edita: Wetlands International

Ano: 1999

Descrición: análise da información transmitida polos Estados membros á Base de Datos de Ramsar á hora de designar os seus humedais máis importantes para ser incluídos na Lista de Ramsar.

Dispoñible tamén en versión electrónica en:

<http://www.wetlands.org/LinkClick.aspx?fileticket=b5OirsxYdrg%3D&tabid=56>




WETLAND ECOLOGY : PRINCIPLES AND CONSERVATION

Edita: Cambridge University Press .

Ano: 2000

Descrición: manual ilustrado con numerosos exemplos sobre os principios dos humedais e a súa conservación, que da unha perspectiva global única sobre a ecoloxía dos humedais. Inclúe tamén un capítulo sobre a restauración destes ecosistemas con exemplos prácticos, e outro centrado na investigación deste tipo de hábitats tan necesarios para a vida na Terra.




WETLANDS : FUNCTIONING, BIODIVERSITY CONSERVATION, AND RESTORATION

Edita: Springer.

Ano: 2008

Descrición: este libro ofrece unha visión ampla e ben integrada dos últimos grandes resultados científicos da ciencia e as súas aplicacións na xestión de recursos naturais de humedais. Tras unha importante introdución de doce capítulos, abarca aspectos como o funcionamento das plantas e animais deste tipo de ecosistemas, a restauración, ou a creación.




QUERES SABER MÁIS SOBRE HUMEDAIS? CONSULTA TODAS AS REFERENCIAS DISPOÑIBLES NO CENTRO A TRAVÉS DO NO NOSO CATÁLOGO ONLINE:

<http://documentacion.ceida.org/cgi-bin/koha/opac-search.pl?idx=&q=humedales>

HUMEDAIS EN GALICIA

LIBROS EN PRÉSTAMO



ANTELA, A MEMORIA ASOLAGADA

Edita: Xerais

Ano: 1997

Descrición: Ó sudeste de Galicia, na comarca da Limia, existiu ata 1958 unha das lagoas máis importantes da Península Ibérica, tanto pola súa extensión -arredor dos 42 km²-, como pola súa riqueza. Este libro ofrécenos un amplo percorrido fotográfico polas diferentes faces da Lagoa dende a súa desecación ata os actuais traballos de concentración parcelaria, e mais un conxunto de estudos científicos que permiten coñecer a interrelación do ser humano coa veiga antelá ó longo dos séculos.



BALDAIO, ESPAZO NATURAL PROTEXIDO

Edita: Bahía Edicións

Ano: 1997

Descrición: O nome de Baldaio está ligado na conciencia de moitos e moitas ao dunha área natural de especial interese e á conflictuosidade que xerou a destrución do arenal e determinados intentos de explotación. Esta publicación é o resultado dunha acampada reivindicativa do “Grupo Darwin” no verán de 1987, punto de partida do estudo que deu lugar, despois de moitos esforzos e loitas, á declaración de Espazo Natural Protexido.



A LAGOA DE COSPEITO


Edita: Xunta de Galicia

Ano: 2006

Descrición: Este libro concíbese coa vocación de achegar á cidadanía a historia e vida do humidal de Cospeito, aproximándose aos compoñentes máis sobresaíntes da súa biodiversidade, aos usos e actividades que o ser humano desenvolveu, ás labours de conservación e xestión que nela se levan a cabo.

Dispoñible tamén en versión electrónica en:

http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/conservacion_natureza/zevpn/parga_ladra_tamoga/A_Lagoa_de_Cospeito.pdf



HUMEDALES DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Ano: 2002

Descrición: Inventario dos humedais de Galicia clasificados nesta guía segundo a tipoloxía da Convención Ramsar: mariños e costeiros, continentais e artificiais.

Dispoñible tamén en versión electrónica en:

<http://www.factoria3.com/documentos/Humidais%20de%20galicia.pdf>




VERTEBRADOS DA LIMIA : DENDE A LAGOA DE ANTELA ÓS NOSOS DÍAS

Edita: Limaia

Ano: 2002

Descrición: Este libro, a través dun riguroso estudo da súa avifauna, no pasado e no presente, lévanos a aquel mundo no que a lagoa de Antela aínda estaba alí, antes da súa desecación, e nos fai soñar coa posibilidade da súa restauración, aínda que só sexa parcialmente, tal e como está poñendo énfase a Convención Ramsar sobre os Humedais.



ENCORO DE CECEBRE: ESPACIO NATURAL PROTEXIDO

Edita: Bahía Edicións

Ano: 1996

Descrición: O embalse de Cecebre e o seu entorno representan un dos humedais de maior interese en Galicia. Así, na confluencia dos ríos Mero o Barcés, o contorno desenvólvese positivamente desde o punto de vista biolóxico, xurdindo un hábitat adecuado para o asentamento de aves acuáticas, rapaces... acompañados dunha crecente fauna de reptís, mamíferos, anfibios, ... esta guía pretende axudar ao coñecemento e a súa posta en valor para a súa necesaria protección.




GUÍA DAS AVES DO ENCORO DE ABEGONDO-CECEBRE

Edita: Concello de Abegondo

Ano: 2007

Descrición: O encoro de Abegondo – Cecebre creouse na década dos 70 para abastecer de auga aos municipios de A Coruña e o seu entorno. Pouco despois convertéuse nun extraordinario espazo natural, “Lugar de Importancia Comunitaria”. Entre os seus valores destacan as poboacións de aves silvestres que o convirten no seu fogar ao longo do ano. Esta completa guía ofrece ao visitante as claves para identificar e coñecer as costumes da gran maioría delas.




CAMIÑOS NATURAIS: COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN

Edita: Xunta de Galicia

Ano: 2007

Descrición: Guía de itinerarios polo Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.



GUÍA DOS ANFIBIOS E RÉPTILES: COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN


Edita: Xunta de Galicia

Ano: 2006

Descrición: Un dos principais valores faunísticos do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán son as súas poboacións de anfibios e réptiles. É un espazo natural de especial interese para a conservación destas especies, especialmente dalgunhas das máis ameazadas no conxunto de Galicia. Nesta guía recóllense os principais anfibios e réptiles con interesantes descrições e ilustracións.

Dispoñible tamén para a súa descarga en:

http://www.ciencias-marinas.uvigo.es/bibliografia_ambiental/anfibios_reptiles/guia%20anfibios%20e%20reptiles%20Corrubedo.pdf



GUÍA DAS AVES: COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN

Edita: Xunta de Galicia

Ano: 2006

Descrición: Manual que constitúe unha achega ao coñecemento dun dos grupos de vertebrados máis relevantes do parque natural de Corrubedo, as aves, que pretende facilitar a todos os visitantes unha mellor percepción e goce dos seus valores biolóxicos...

Dispoñible tamén para a súa descarga en:

http://www.ciencias-marinas.uvigo.es/bibliografia_ambiental/aves/guia%20aves%20Corrubedo.pdf




GUÍA DE CAMPO DAS AVES DA CORUÑA E AS MARIÑAS

Edita: Consorcio das Mariñas

Coordina: CEIDA

Ano: 2013

Descrición: Un dos lugares de visita sumamente recomendable para observar aves é o destino das Mariñas e A Coruña, onde poden chegar a observarse máis de 400 especies diferentes. Esta guía axudará a identificar ata 78 das máis frecuentes, moitas delas presentes en zonas húmedas de gran relevancia como o Encoro de Cecebre, a Ría de Betanzos ou a Ría do Burgo.




QUERES SABER MÁIS SOBRE
OS ESPAZOS NATURAIS
GALEGOS? CONSULTA AS
REFERENCIAS DISPONIBLES
NO CENTRO A TRAVÉS DO NO
NOSO CATÁLOGO ONLINE:

<http://documentacion.ceida.org/cgi-bin/koha/opac-search.pl?idx=&q=espacios+naturales+galicia>

RECURSOS ELECTRÓNICOS

DOCUMENTOS RAMSAR



MANUAL DE LA CONVENCIÓN DE RAMSAR


Edita: Convención Ramsar

Ano: 2013

Descrición: Manual oficial sobre a Convención de Ramsar de 1971, onde se recolle que son os humedais, por que hai que conservalos, que é a Convención e como funciona, sitios incluídos na lista, etc.

Dispoñible para a súa descarga en:

<http://www.ramsar.org/pdf/lib/manual6-2013-sp.pdf>



MANUALES RAMSAR PARA EL USO RACIONAL DE LOS HUMEDALES

Edita: Convención Ramsar

Ano: 2010

Descrición: Serie de manuais que inclúen as orientacións pertinentes aprobadas pola Conferencia das Partes Ramsar, onde se recollen diferentes temas como o uso racional dos humedais, as políticas nacionais dos humedais, leis e institucións, o programa de comunicación e educación sobre humedais, aptitudes de participación, etc. Dispoñibles para a súa descarga en:

http://www.ramsar.org/cda/es/ramsar-pubs-handbooks-ramsar-toolkit-21323/main/ramsar/1-30-33%5E21323_4000_2__



SERVICIOS DE LOS ECOSISTEMAS DE HUMEDALES

Edita: Convención Ramsar

Ano: 2010

Descrición: Serie de fichas que mostran os servizos dos ecosistemas de humedais que forman parte da nosa riqueza natural. A escala mundial, os humedais brindan todos os anos servizos por valor de billóns de dólares e realizan unha contribución fundamental á saúde e o benestar humano.

Dispoñibles para a súa descarga en:

http://www.ramsar.org/cda/es/ramsar-pubs-info-ecosystem-services/main/ramsar/1-30-103%5E24258_4000_2__

RAMSAR NO DÍA MUNDIAL DOS HUMEDAIS 2014

.....



HUMEDALES Y AGRICULTURA: JUNTOS EN PRO DEL CRECIMIENTO

Edita: Convención Ramsar

Ano: 2014

Descrición: Guía elaborada para o Día Mundial dos Humedais 2014 que explora algunhas das interdependencias máis críticas entre a agricultura, a auga e os humedais, destacando o papel dos humedais na provisión de infraestrutura natural para a agricultura destinada á produción de alimentos principalmente.

Dispoñible para a súa descarga en:

http://www.ramsar.org/pictures_2013/WWD14/LeafletHR/Ramsar_Folleto_HR_S.pdf



TIRA CÓMICA DÍA MUNDIAL DOS HUMEDAIS

Edita: Convención Ramsar

Ano: 2014

Descrición: Recurso didáctico en forma de cómic elaborado pola Convención Ramsar para o Día Mundial dos Humedais 2014.

Dispoñible para a súa descarga en:

http://www.ramsar.org/pictures_2013/WWD14/ComicStrip/ramsar_2014_spanish_print.jpg



JUEGO DE MESA SOBRE LOS HUMEDALES

Edita: Convención Ramsar

Ano: 2014

Descrición: Xogo de mesa elaborado pola Convención Ramsar en conmemoración ao Día Mundial dos Humedais.

Dispoñibles para a súa descarga en:

http://www.ramsar.org/pictures_2013/WWD14/Game/Ramsar_Juego_S.pdf

RECURSOS DIDÁCTICOS E MATERIAIS DIVULGATIVOS



ALAS SOBRE AGUA: CAMPAÑA PARA LA CONSERVACIÓN DE LOS HUMEDALES MÁS IMPORTANTES PARA LAS AVES Y LA BIODIVERSIDAD

Edita: SEO/Birdlife

Ano: 2009

Descrición: Caderno divulgativo sobre a campaña de SEO/Birdlife sobre a conservación dos humedais.

Dispoñible para a súa descarga en:

http://www.seo.org/wp-content/uploads/2012/02/Cuaderno_ASA.pdf



TOM, TINA E NUTRI

Edita: Convención Ramsar

Ano: 2013

Descrición: Recurso didáctico dirixido a ensino infantil para crear xoguete de papel no día dos humedais.

Dispoñible para a súa descarga en:

<http://www.ramsar.org/pdf/wwd/13/Nutria.pdf>



QUÉ HERMOSAS GOLONDRINAS!

Edita: Oficina de Publicaciones de la Unión Europea

Ano: 2004

Descrición: Recurso didáctico que emprega a migración das golondrinas para resaltar o valor ecolóxico dos humedais, así como os problemas que causa o uso de pesticidas na agricultura.

Dispoñible para a súa descarga en:

http://ec.europa.eu/environment/pubs/pdf/swallows/benf_es.pdf




HUMEDALES COSTEROS: RECURSOS PARA LA FORMACIÓN AMBIENTAL

Edita: Terra Nuova

Descrición: Guía metodolóxica que pretende dar a coñecer e comprender a dinámica dos humedais costeiros, analizar os problemas ambientais e conflitos que afectan a estes ecosistemas e motivar a participación proactiva dos escolares na conservación dos humedais no marco dunha educación ambiental para o desenvolvemento sostible. Aínda que está centrada nos humedais costeiros do Perú, contén interesantes capítulos introductorios, metodoloxías e actividades que poden realizarse noutras zonas.

Dispoñible para a súa descarga en:

<http://issuu.com/empresa-internet.com/docs/humedales>



LOS HUMEDALES: UN VÍNCULO VITAL

Edita: Pro Esteros


Descrición: Material educativo que pretende que os alumnos coñezan e comprendan os procesos que se presentan nos humedais, así como lograr desenvolver un sentido de responsabilidade hacia estos ecosistemas, na medida que van aprendendo a súa importancia para o medio ambiente.

Carpeta do profesor dispoñible en:

http://proesteros.cicese.mx/pdf_s/Los%20Humedales-maestro.pdf

Carpeta do alumno dispoñible en:

http://proesteros.cicese.mx/pdf_s/Los%20Humedales-alumno.pdf



MANOS AL HUMEDAL: GUÍA PRÁCTICA PARA ESCOLARES

Edita: Corporación Ambientes Acuáticos de Chile

Ano: 2005

Descrición: Recurso didáctico sobre os humedais e a súa importancia para a vida na terra. Inclúe información sobre que son estes ecosistemas, a súa tipoloxía, por que son importantes, os humedais como fontes de auga, a súa flora e fauna, etc.

Dispoñible para a súa descarga en:

http://www.centroneotropical.org/recsos/guia_01.pdf




PROTEGER NUESTROS HUMEDALES

Edita: Fundación proteger

Descrición: publicación periódica divulgativa adicada á conservación dos humedais, onde se recolle unha descrición do que son este tipo de ecosistemas, a súa función e importancia, a Convención Ramsar, as súas ameazas, etc.

Dispoñible para a súa descarga en:

http://www.ramsar.org/pdf/danone_ecoles_argentina_brochure.pdf



PROTEGER LOS HUMEDALES: UNA RESPUESTA AL CAMBIO CLIMÁTICO

Edita: SEO/Birdlife

Descrición: material divulgativo que fai unha síntese da necesidade urxente de protexer os humedais, para garantir os servizos deste tipo de ecosistemas prestan á sociedade. Ademais, os humedais son claves para afrontar o reto do cambio climático, polo que os esforzos para a súa conservación teñen que ser aínda maiores.

Dispoñible para a súa descarga en:

http://www.seo.org/wp-content/uploads/tmp/docs/Cuaderno_Proteger_Humedales.pdf

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

documentacion@ceida.org - 981 630 618

<http://www.ceida.org/centro-documentacion-domingo-quiroya.html>